

**ORDENANZA 4.30**

**PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA**

**Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

**Artigo 2º. Concepto**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

**Artigo 3º. Obrigados ao pagamento**

1. Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou de realización de actividades na Escola Municipal de Música.
2. Os usuarios menores de 18 anos, que pertencen a familia numerosa ou sexan o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, non estarán obrigados ao pago do prezo público que se regula por esta ordenanza.
3. Os usuarios menores de 18 anos, que pertencen a familias con ingresos anuais netos inferiores a 3.610 euros por membro da unidade familiar, terán dereito a unha cota anual de matrícula reducida: 30 euros, e a unha redución do 20% na cota mensual establecida para a prestación de servizos ou realización de actividades na Escola Municipal de Música.

4. Para obter os beneficios que se sinalan nos dous parágrafos anteriores, os interesados deberán presentar a solicitude correspondente no momento de efectuar a matrícula, achegando a documentación acreditativa das circunstancias que se alegan:
  - Libro de familia: copia compulsada das follas de todos os membros da unidade familiar
  - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria no que consten as rendas de todos os membros da unidade familiar.
5. As solicitudes deberán ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local, á vista dos informes técnicos correspondentes e por proposta dos concelleiros delegados de Facenda e de Educación.

#### **Artigo 4º. Contía**

**As tarifas deste prezo público serán as seguintes:**

1. Matrícula anual .....56,70 €
2. Cotas mensuais:  
**Música e Movemento**
  - 2.a. Iniciación (Música e movemento 1), dúas sesións, cunha duración de 90 minutos  
semanais ..... 34,00 €
  - 2.b Formación básica (Música e movemento 2), dúas sesións cunha duración de 120 minutos  
semanais..... 34,00 €**Práctica Instrumental**
  - 2.c Práctica instrumental + Formación musical complementaria + Actividades instrumentais de conxunto..... 51,00 €
  - 2.d. Práctica instrumental + Actividades instrumentais de conxunto..... 40,80 €
  - 2.e. Formación musical complementaria á práctica instrumental (linguaxe musical)..34,00 €

**Duración semanal:**

**Práctica instrumental**

**Instrumento Individual. Nivel I ..... 30 minutos semanais**

**Instrumento individual. Nivel II ..... 45 minutos semanais**

**Actividades instrumentais de conxunto ..... 60 minutos semanais**

**Formación musical complementaria á práctica instrumental .....60 minutos semanais  
(Linguaxe musical)**

**Actividades Instrumentais de conxunto ..... 60 minutos semanais**

**Artigo 5º . NORMAS DE XESTIÓN**

1. A obriga de pagamento do prezo do prezo público nace no momento en que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a formalización da correspondente matrícula no Rexistro Xeral do Concello ou na oficina da Escola habilitada para tal efecto.
2. Os solicitantes do servizo están obrigados a:
  - Presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola Administración local.
  - Practicar a autoliquidación consonte o establecido no artigo 3.
  - Realizar o ingreso da autoliquidación resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades financeiras debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente matrícula.
3. No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.
4. Coa solicitude de matrícula deberá incluírse un número de conta bancaria no que serán aboados os recibos (domiciliación bancaria). O pagamento realizarase por meses anticipados, dentro dos oito



primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensuralidade implicará a baixa automática na Escola.

**Disposición derradeira**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2007. Comezará a aplicarse a partir do curso académico que se inicie con posterioridade ao primeiro de xaneiro de 2008 e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.